

CONCELLO
DE VIGO



2012

Vigoentroido

do 17 ao 22 de febreiro



PROGRAMACIÓN ENTROIDO 2012

Regresa o tempo da festa singular, da burla, da sátira e do fartureto xantar, e posiblemente unha nova edición non menos allea ao actual contexto político, social, cultural e económico no que nos atopamos; e non por menos distinto daquel entroido do ano 1877 que organizaba a sociedade A Carnavalesca, e que tan ben describú Lisardo Barreiro no seu libro "Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia".

A consolidación da participación nos actos da Grandiosa Comparsa, integrada pola Comitiva Rexia e presidida polo Deus Momo, así como a presenza dos merdeiros, xunto co desenvolvemento dos xogos populares e tradicionais como a sortella, unido todo iso á ampla participación cidadá nos desfiles e verbenas, constitúen o guieiro deste entroido no espazo urbano tradicional de ceremonias do Barrio Histórico e praza de Compostela.

VENRES
DE FEBREIRO **17**

Praza da
Constitución

De 19
ás 21h

**TREBOADAS E
ANIMACIÓN DE RÚA**

20.30 h

**PREGÓN
PREGOEIRO: SINISTRO TOTAL**

21 h

**ENTRONIZACIÓN DO REI
E RAÍÑA DO ENTROIDO**

21.15h

CONCURSO DE COPLAS

SÁBADO 18 DE FEBREIRO

17 h

ANIMACIÓN DE RÚA (CHARANGAS, MURGAS)

Percorrido: Urzáiz, Príncipe, Porta do Sol, Carral, praza de Compostela

Praza da Constitución

17 h

CONCENTRACIÓN DA COMITIVA REXIA E ANIMACIÓN DE RÚA

Percorrido: praza da Constitución, Porta do sol, Príncipe, Colón, praza de Compostela

Praza de Compostela

17.30 h

RECEPCIÓN DA COMITIVA REXIA AO DEUS MOMO

17.45 h

ANIMACIÓN DE RÚA COA GRANDIOSA COMPARSA DA COMITIVA REXIA E DEUS MOMO

Percorrido: praza de Compostela, Colón, García Barbón e Isaac Peral (remate)

Concentración en García Barbón (da rotonda de Isaac Peral a Sanjurjo Badía)

18 h

DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS

Percorrido: García Barbón (desde a rotonda de Isaac Peral), Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate)

Porta do Sol

22.30 h

VERBENA COAS ORQUESTRAS "JERUSALÉN" E "BÁMBOLA"

DOMINGO 19 DE FEBREIRO

Praza de Compostela

De 17 ás 20 h

ENTROIDO INFANTIL

Animacións e actividades lúdicas infantís, obradoiros, xogos tradicionais populares, cabezudos...

LUNS 20 DE FEBREIRO

Praza de Compostela

De 17 ás 20 h

ENTROIDO INFANTIL

Animacións e actividades lúdicas infantís, obradoiros, xogos tradicionais populares, cabezudos...

MARTES DE FEBREIRO 21

Praza da
Constitución

17.30 h

CONCENTRACIÓN DA COMITIVA REXIA E ANIMACIÓN DE RÚA

Percorrido: praza da Constitución, Porta do Sol, Príncipe, Colón, praza de Compostela

Praza de
Compostela

18 h

ACTO REXIO DE HOMENAXE E BICAMÁNS AO DEUS MOMO. ESVACEMENTO E AGONÍA DO DEUS MOMO

Praza de
Compostela

18.30 h

CONCURSO DE DISFRACES

Inscrición: (carpa) de 17 a 18 h.

Porta
do Sol

22.15 h

VERBENA: ORQUESTRA "COSTA OESTE"

1º pase: de 22,15 a 23,45 h.
2º pase: de 00,30 a 02,00 h.

Porta
do Sol

23.30 h

ANUNCIO DO FALECEMENTO DO DEUS MOMO E LECTURA DO TESTAMENTO A PROL DO SEU FILLO MOMIÑO. XUÍZO, SENTENZA E QUEIMA DO REI E RAIÑA DO ENTROIDO

MÉRCORES DE FEBREIRO 22

Praza da
Constitución

18 h

EXEQUIAS FUNERARIAS SOLEMNES DAS COMPARSAS

18.30 h

ACOMPAÑAMENTO E DÓ DA COMITIVA

Percorrido: praza da Constitución, Porta do Sol, Príncipe, Colón e Policarpo Sanz, (remate Porta do Sol)

Praza da
Constitución

19.30 h

SEPELIO DO DEUS MOMO

OFICIOS LAICOS:

responsos, sermóns, cantos solemnes, sepelio coa elevación ao olimpo das cinzas, notas e disposicións.

LECTURA DA ACTA DO XURADO DOS PREMIOS DOS CONCURSOS.

REMATE DOS ACTOS CO BERRO FINAL "QUE MAL RAIO O PARTA!"

INFORMACIÓN DOS CONCURSOS

PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS, sábado 18 de febreiro

Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 30 persoas.

As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza tractora: longo 8,00 m, ancho 3,50 m, alto 4,50 m.

A concentración das comparsas inscritas farase nos seguintes lugares e horas:

CONCENTRACIÓN DAS COMPARSAS INSCRITAS: ás 17h en García Barbón (entre a rotonda de Isaac Peral e a de Sanjurjo Badía).

DESFILE: comezo ás 18 h. Percorrido: García Barbón (desde a rotonda Isaac Peral), Policarpo Sanz, Porta do Sol (remate).

SORTEO DA ORDE DE ACTUACIÓN DO DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS:

O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público, que se realizará o mércores día 15 de febreiro no auditorio do concello (praza do Rei).

PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE COPLAS, venres 17 de febreiro

Neste concurso poderán inscribirse todos aqueles grupos de persoas maiores de doce anos, agrupadas nun mínimo de 6 e máximo de 25 compoñentes. As e os compoñentes dunha agrupación non poderán participar noutro grupo distinto. O número máximo de grupos participantes queda limitado a oito, que se seleccionarán por rigorosa orde de inscrición.

PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES, martes 21 de febreiro

De 18.30 ás 20.30 h, na praza de de Compostela (catafalco).

Lugar e horario de inscrición: no mesmo lugar de 17 a 18 h.

CATEGORÍAS: individual infantil (até 13 anos); individual xeral (máis de 13 anos); grupo infantil conxuntado (até 13 anos) e grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos).

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

As solicitudes de inscrición para os concursos de comparsas e coplas poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, do 3 ao 11 de febreiro de 2012, ata ás 13.30 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Información situada na lonxa do concello e na páxina web municipal

www.vigo.org e www.vigocultura.org.



Cadro de premios dos concursos



17, 19 E 21
DE FEBREIRO

COPLAS

- 1º premio: 600 €
- 2º premio: 400 €
- 3º premio: 200 €
- 3 accésits (non acumulabel): 150 €

COMPARSAS

- 1º premio: 2.500 €
- 2º premio: 2.000 €
- 3º premio: 1.500 €
- 14 accésits ás comparsas que participen no desfile do sábado (non acumulabel)
 - 500 € (comparsas entre 30 e 50 compoñentes)
 - 600 € (comparsas entre 51 e 80 compoñentes)
 - 700 € (comparsas con máis de 80 compoñentes)
- Premio especial (non acumulabel)
 - 1.000 € á mellor carroza

DISFRACES

Categoría	1º premio	2º premio	3º premio	Accésit
Individual infantil (bono regalo)	100 €	75 €	50 €	30 €
Individual xeral	100 €	75 €	50 €	30 €
Grupo infantil (bono regalo)	200 €	100 €	75 €	30 €
Grupo xeral	200 €	100 €	75 €	30 €

Rúas do Barrio Histórico



MERDEIROS

“Chegado o entroido, os mariñeiros da bisbarra de Vigo transformábanse en Merdeiros coa intención de expresar con máis forza as súas xenreiras cos labregos. Para iso acostumaban vestir ao xeito de Escabicheiros (labrego do rural que se adicaba a limpar as rúas, baleirar as fosas sépticas e aproveitaras magas e restos de peixe para abonaros seus campos) ridiculizando aqueles elementos do traxe e aparellos máis significativos: o pucho, os símbolos e o farol.

Acostumaba a vagar de xeito improvisado polas rúas da cidade en solitario ou pequenísimos grupos carentes de organización. Corre, chouta e berra asustando a xente coa vara...”



CONCELLO DE VIGO

